

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

2541 *Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, define a estrutura das ensinanzas universitarias en tres ciclos: grao, máster e doutoramento. Os estudos de doutoramento, correspondentes ao terceiro ciclo, conducen á obtención do título oficial de doutor ou doutora, de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Segundo establece a citada lei, os estudos de doutoramento organizaranse e realizaranse na forma que determinen os estatutos das universidades, de acordo cos criterios que para a obtención do título de doutor aprobe o Goberno, logo de informe do Consello de Universidades.

O desenvolvemento do terceiro ciclo dentro da construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) debe ter presentes as novas bases da Axenda revisada de Lisboa, así como a construción do Espazo Europeo de Investigación (EEI) e os obxectivos trazados para este no Libro verde de 2007. Deste xeito, o doutoramento debe xogar un papel fundamental como intersección entre o EEES e o EEI, os dous, piares fundamentais da sociedade baseada no coñecemento. A investigación debe ter unha clara importancia como parte integral da educación superior universitaria e a mobilidade debe ser valorada tanto na etapa doutoral como posdoutoral, como peza esencial na formación da mocidade investigadora.

O proceso do cambio do modelo produtivo cara a unha economía sustentable necesita os doutores como actores principais da sociedade na xeración, transferencia e adecuación da I+D+i. Os doutores deben xogar un papel esencial en todas as institucións implicadas na innovación e na investigación, de forma que lideren o transvasamento desde o coñecemento ata o benestar da sociedade.

Desde o punto de vista europeo, desde o comunicado de Berlín en 2003 ata o último comunicado de Lovaina en 2009, os ministros europeos responsables da educación superior foron avanzando no desenvolvemento daqueles aspectos que deben caracterizar un programa de doutoramento no marco dos Espazos Europeos de Educación Superior e Investigación. De igual xeito, os diferentes encontros e actividades da European University Association (EUA) realizaron un conxunto de estudos e recomendacións para o desenvolvemento dos programas de doutoramento.

No Comunicado de Berlín (2003) trátase, dentro das accións adicionais, o papel do doutoramento na relación entre o EEES e o EEI. O proceso de concreción do doutoramento como terceiro ciclo percíbese de forma clara a partir do proxecto piloto «Doctoral Programmes for the European Knowledge Society», promovido pola European University Association (EUA), que é utilizado de base do Comunicado da Conferencia de Bergen (2005), onde se establece definitivamente o doutoramento como terceiro ciclo dos estudos europeos, diferenciado do máster. No devandito comunicado os ministros europeos responsables da educación superior destacan a importancia da educación superior universitaria na mellora da I+D+i e a importancia da investigación no apoio da función docente universitaria, todo iso para mellorar o desenvolvemento económico e cultural das nosas sociedades, así como de forma fundamental defender o seu papel como elemento de cohesión social. O compoñente fundamental da formación doutoral é o avance do coñecemento científico a través da «investigación orixinal». Ademais, considérase que neste terceiro ciclo os participantes en programas de doutoramento non son só estudantes senón investigadores en formación. Con iso enlaza neste momento do proceso de Bolonia a formación doutoral, a carreira investigadora e a transmisión do coñecemento á sociedade.

A reunión-seminario realizada en Salzburgo en febreiro de 2005 confecciona un conxunto de 10 recomendacións ou principios para o desenvolvemento futuro dos programas de doutoramento dos diferentes países.

Os dereitos dos doutorandos como investigadores en formación recóllense nas bases descritas na Carta europea do investigador e no Código de conduta para a contratación de investigadores de marzo de 2005 amplamente aceptados en Europa por parte das universidades.

España, como membro activo dos procesos conducentes á creación e ao desenvolvemento dun Espazo Europeo do Coñecemento, foi incorporando as reformas legislativas que permitiron consolidar unha oferta de ensinanzas acorde cos principios do EEES. De igual maneira se avanzou na regulación da figura de investigador en formación, a través do Estatuto do persoal investigador en formación aprobado polo Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro.

Así mesmo, nun proceso vivo que continúa precisando e aprofundando nos elementos conducentes a facer de Europa un espazo baseado no coñecemento, atractivo, aberto e cooperativo con outras rexións do mundo, cunha oferta formativa de alta calidade en docencia e investigación, cómpre seguir avanzando especialmente no doutoramento como elemento fundamental de encontro entre o EEES e o EEI e o soporte para buscar novos motores de crecemento sustentables. O proceso europeo alcanzou bastante notoriedade internacional xa que unha das principais consecuencias del é alcanzar unha definición clara do estándar de competencias, exigencias e contribución á sociedade dun doutor no marco nacional e europeo. Deste xeito, defínese con claridade a misión dos doutores na nova sociedade do coñecemento, o que redundará no recoñecemento profesional e prestixio social, a idoneidade nas perspectivas laborais e nas súas achegas ao novo modelo de crecemento.

As estratexias institucionais en material de I+D+i das universidades deben ter o doutoramento no centro das súas actuacións, permitindo unha ampla flexibilidade e autonomía, pero ao mesmo tempo alcanzando altas cotas de calidade, internacionalización, innovación, recoñecemento e mobilidade.

A formación de investigadores é, nestes momentos, un elemento clave dunha sociedade baseada no coñecemento. O recoñecemento social das capacidades adquiridas nesta etapa formativa, a necesidade de incrementar substancialmente o número de persoas con competencia en investigación e innovación e o impulso á súa influencia e emprego tanto dentro como fóra dos ámbitos académicos é un dos principais desafíos españois e europeos. Os documentos europeos tamén destacan a necesidade de impulsar a I+D+i en todos os sectores sociais, particularmente mediante a colaboración no doutoramento de industrias e empresas, co fin de que xoguen un papel substancial nas súas estratexias de innovación e futuro.

As especiais características dos estudos de doutoramento e a variedade de necesidades e métodos de formación investigadora dos distintos ámbitos do coñecemento aconsellan un alto grao de flexibilidade na regulación destes estudos. Desta forma promóvese un modelo de formación doutoral con base na universidade pero integradora da colaboración doutros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i tanto nacional como internacional, no cal as escolas de doutoramento, cuxa creación se prevé nesta norma, están chamadas a xogar un papel esencial.

Neste ámbito de colaboración debe corresponderlles un especial protagonismo aos organismos públicos de investigación como institucións de carácter público e ámbito nacional que, xunto coas universidades, forman o núcleo básico do sistema público de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico español. A experiencia acumulada, especialmente co Consello Superior de Investigacións Científicas, fala dos enormes beneficios agardados dunha colaboración equilibrada para a formación de investigadores e doutores.

Así mesmo, débese facer mención ao non menos importante papel que deben desempeñar aquelas institucións que canalizan a investigación á súa plasmación na sociedade, como empresas, hospitais, fundacións, etc., que se deben converter en actores e aliados na formación doutoral e, despois, na inclusión dos doutores nas súas actuacións cotiás.

En consonancia coas recomendacións europeas, é determinante enfatizar o importante, adecuado e necesario papel que xoga a supervisión e o seguimento das actividades doutorais, en termos dos obxectivos dos programas de doutoramento e das escolas de doutoramento. Aínda que se enfatizan as responsabilidades persoais neste aspecto, son compartidas polas propias institucións que xestionen o programa, a través das correspondentes comisións académicas e, de ser o caso, polas escolas de doutoramento a través de diversos mecanismos.

De acordo con todo o exposto, este real decreto persegue o obxectivo de colaborar na formación daqueles que deben liderar e cooperar no transvasamento do coñecemento cara ao benestar da sociedade coordinadamente coa incorporación das principais recomendacións xurdidas dos distintos foros europeos e internacionais. Todas elas se refíren á estrutura e organización do doutoramento, ás competencias que se van adquirir, ás condicións de acceso e desenvolvemento da carreira investigadora na súa etapa inicial, ao fundamental papel da supervisión e tutela da formación investigadora, á inserción desta formación nun ambiente investigador que incentive a comunicación e a creatividade, á internacionalización e mobilidade esenciais neste tipo de estudos e á avaliación e acreditación da calidade como referencia para o seu recoñecemento e atractivo internacional.

De conformidade co anterior, esta norma prevé a creación de escolas de doutoramento e establece comisións académicas dos programas de doutoramento, así como a figura do coordinador do programa. Introduce como novidade o documento de actividades do doutorando, prevé un réxime de supervisión e seguimento deste e establece por vez primeira un prazo máximo de duración dos estudos de doutoramento coa posibilidade de dedicación a tempo parcial e a tempo completo.

Por outra banda, a nova ordenación establece unha regulación destas ensinanzas que propicia unha máis clara distinción entre o segundo ciclo de estudos universitarios, de máster, e o terceiro, de doutoramento, determinando, así mesmo, os criterios específicos para a verificación e avaliación dos programas de doutoramento.

Entre as principais novidades inclúese, así mesmo, a previsión de que os tribunais encargados de avaliar as teses de doutoramento deberán estar conformados na súa maioría por doutores externos á universidade e ás institucións colaboradoras. Tamén se recollen aspectos relativos á protección de datos confidenciais e garantías de eventuais patentes dos traballos de investigación e se establece a posibilidade de incluír no título a mención de «doutor internacional».

O carácter básico desta norma regulamentaria xustifícase, conforme a doutrina do Tribunal Constitucional, na propia natureza da materia regulada, que constitúe un complemento indispensable para asegurar a completa ordenación das ensinanzas universitarias oficiais establecida mediante o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

Deste xeito, a regulación das ensinanzas oficiais de doutoramento acometida neste real decreto resulta, pola natureza da materia e de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional, complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal, sen que ese cumprimento resulte un obstáculo ao exercicio das competencias de desenvolvemento normativo que corresponden ás comunidades autónomas.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Universidades, a Conferencia Xeral de Política Universitaria e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xaneiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento correspondentes ao terceiro ciclo das ensinanzas universitarias oficiais conducentes á obtención do título de doutor ou doutora, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Enténdese por doutoramento o terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais, conducente á adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade.

2. Denomínase programa de doutoramento un conxunto de actividades conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para a obtención do título de doutor. Este programa terá por obxecto o desenvolvemento dos distintos aspectos formativos do doutorando e establecerá os procedementos e liñas de investigación para o desenvolvemento de teses de doutoramento.

3. Ten a consideración de doutorando quen, logo de acreditación dos requisitos establecidos neste real decreto, foi admitido nun programa de doutoramento e se matriculou nel.

4. Enténdese por escola de doutoramento a unidade creada por unha ou varias universidades e en posible colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, nacionais ou estranxeiras, que ten por obxecto fundamental a organización dentro do seu ámbito de xestión do doutoramento, nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinar.

5. Enténdese por documento de actividades do doutorando o rexistro individualizado de control desas actividades, materializado no correspondente soporte, que será regularmente revisado polo titor e polo director de tese e avaliado pola Comisión Académica responsable do programa de doutoramento a que se refire o artigo 8.3.

6. O director de tese é o máximo responsable na condución do conxunto das tarefas de investigación do doutorando, nos termos previstos no artigo 12 desta norma.

7. O titor é o responsable da adecuación da formación e da actividade investigadora aos principios dos programas e, de ser o caso, das escolas de doutoramento.

8. A Comisión Académica de cada programa é a responsable da súa definición, actualización, calidade e coordinación, así como do progreso da investigación e da formación e da autorización da presentación de teses de cada doutorando do programa.

Artigo 3. *Estrutura.*

1. Os estudos de doutoramento organizaranse a través de programas, na forma que determinen os estatutos das universidades e de acordo cos criterios establecidos neste real decreto. Estes estudos finalizarán en todo caso coa elaboración e defensa dunha tese de doutoramento que incorpore resultados orixinais de investigación.

2. A duración dos estudos de doutoramento será dun máximo de tres anos, a tempo completo, contados desde a admisión do doutorando ao programa ata a presentación da tese de doutoramento.

Malia o anterior, e logo de autorización da Comisión Académica responsable do programa, poderanse realizar estudos de doutoramento a tempo parcial. Neste caso tales estudos poderán ter unha duración máxima de cinco anos desde a admisión ao programa ata a presentación da tese de doutoramento.

Se, transcorrido o citado prazo de tres anos, non se presenta a solicitude de depósito da tese, a comisión responsable do programa poderá autorizar a prórroga deste prazo por un ano máis, que excepcionalmente se podería ampliar por outro ano adicional, nas condicións que se establecesen no correspondente programa de doutoramento. No caso de estudos a tempo parcial, a prórroga poderase autorizar por dous anos máis que, así mesmo, excepcionalmente, se podería ampliar por outro ano adicional.

Para os efectos do cómputo do período anterior non se terán en conta as baixas por enfermidade, embarazo ou calquera outra causa prevista pola normativa vixente.

Así mesmo, o doutorando poderá solicitar a súa baixa temporal no programa por un período máximo dun ano, ampliable ata un ano máis. Esta solicitude deberá ser dirixida e xustificada ante a Comisión Académica responsable do programa, que se pronunciará sobre a procedencia de acceder ao solicitado polo doutorando.

Artigo 4. *Organización da formación doutoral.*

1. Os programas de doutoramento incluírán aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS e comprenderán tanto formación transversal como específica do ámbito de cada programa, ben que en todo caso a actividade esencial do doutorando será a investigadora.

2. A organización desa formación e os procedementos para o seu control deberanse expresar na memoria para a verificación dos programas de doutoramento incluída no anexo I desta norma e formarán parte da posterior avaliación para os efectos da renovación da acreditación deses programas.

3. As actividades de formación realizadas polo doutorando recolleranse no documento de actividades a que se refire o artigo 2.5.

Artigo 5. *Competencias que debe adquirir o doutorando.*

1. Os estudos de doutoramento garantirán, como mínimo, a adquisición polo doutorando das seguintes competencias básicas, así como daquelas outras que figuren no Marco español de cualificacións para a educación superior:

a) Comprensión sistemática dun campo de estudo e dominio das habilidades e métodos de investigación relacionados co dito campo.

b) Capacidade de concibir, deseñar ou crear, pór en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación ou creación.

c) Capacidade para contribuír á ampliación das fronteiras do coñecemento a través dunha investigación orixinal.

d) Capacidade de realizar unha análise crítica e de avaliación e síntese de ideas novas e complexas.

e) Capacidade de comunicación coa comunidade académica e científica e coa sociedade en xeral acerca dos seus ámbitos de coñecemento nos modos e idiomas de uso habitual na súa comunidade científica internacional.

f) Capacidade de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance científico, tecnolóxico, social, artístico ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento.

2. Así mesmo, a obtención do título de doutor debe proporcionar unha alta capacitación profesional en ámbitos diversos, especialmente naqueles que requiren creatividade e innovación. Os doutores adquirirán, cando menos, as seguintes capacidades e destrezas persoais para:

a) Desenvolverse en contextos en que hai pouca información específica.

b) Encontrar as preguntas clave que hai que responder para resolver un problema complexo.

c) Deseñar, crear, desenvolver e emprender proxectos novos e innovadores no seu ámbito de coñecemento.

d) Traballar tanto en equipo como de maneira autónoma nun contexto internacional ou multidisciplinar.

e) Integrar coñecementos, enfrontarse á complexidade e formular xuízos con información limitada.

f) A crítica e defensa intelectual de solucións.

Artigo 6. *Requisitos de acceso ao doutoramento.*

1. Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster universitario.

2. Así mesmo, poderán acceder os que estean nalgún dos seguintes supostos:

a) Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso ao máster de

acordo co establecido no artigo 16 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e ter superado un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos cales 60, polo menos, terán que ser de nivel de máster.

b) Estar en posesión dun título oficial español de graduado ou graduada, cuxa duración, conforme as normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Eses titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación a que se refire o artigo 7.2 desta norma, salvo que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación, equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de máster.

c) Os titulados universitarios que, logo da obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superasen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.

d) Estar en posesión dun título obtido conforme sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, logo de comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de máster universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do cal estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento para outros efectos que o do acceso a ensinanzas de doutoramento.

e) Estar en posesión doutro título español de doutor obtido conforme anteriores ordenacións universitarias.

Artigo 7. *Criterios de admisión.*

1. As universidades, a través das comisións académicas a que se refire o artigo 8.3 deste real decreto, poderán establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión dos estudantes a un concreto programa de doutoramento.

2. A admisión aos programas de doutoramento poderá incluír a existencia de complementos de formación específicos.

Estes complementos de formación específica terán, para os efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento e o seu desenvolvemento non computará para os efectos do límite establecido no artigo 3.2.

3. Os requisitos e criterios de admisión a que se refire o número un, así como o deseño dos complementos de formación a que se refire o número dous, faranse constar na memoria de verificación a que se refire o artigo 10.2.

4. Os sistemas e procedementos de admisión que establezan as universidades deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento adecuados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

Artigo 8. *Programas de doutoramento.*

1. A universidade, de acordo co que estableza a súa normativa, definirá a súa estratexia en materia de investigación e de formación doutoral, que se articulará a través de programas de doutoramento desenvolvidos en escolas de doutoramento ou nas súas outras unidades competentes en materia de investigación, de acordo co establecido nos estatutos da universidade, nos respectivos convenios de colaboración e neste real decreto.

2. A citada estratexia contará preferentemente con aliados externos para a súa posta en marcha en virtude de complementariedades, compartición de excelencia ou sinerxías coas estratexias de I+D+i doutras institucións. Neste sentido, os programas de doutoramento pódense levar a cabo de forma conxunta entre varias universidades e contar coa colaboración, expresada mediante un convenio, doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros.

3. No marco da citada estratexia, cada programa de doutoramento será organizado, deseñado e coordinado por unha comisión académica responsable das súas actividades de formación e investigación. Esta comisión académica estará integrada por doutores e será designada pola universidade, de acordo co establecido na súa normativa, estatutos e convenios de colaboración, e poderanse integrar nela investigadores de organismos públicos de investigación así como doutras entidades e institucións implicadas na I+D+i tanto nacional como internacional.

4. Cada programa de doutoramento contará cun coordinador, designado polo reitor da universidade ou por acordo entre reitores cando se trate de programas conxuntos ou no modo indicado no convenio con outras institucións cando se desenvolva un doutoramento en colaboración. A dita condición deberá recaer sobre un investigador relevante, estar avalada pola dirección previa de polo menos dúas teses de doutoramento e a xustificación da posesión de cando menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario. No caso de que ese investigador ocupe unha posición en que non resulte de aplicación o citado criterio de avaliación, deberá acreditar méritos equiparables aos sinalados.

5. Todo o profesorado dun programa de doutoramento deberá posuír o título de doutor, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación no correspondente ámbito de coñecemento.

Artigo 9. *Escolas de doutoramento.*

1. As universidades poderán crear escolas de doutoramento de acordo co previsto nos seus estatutos, na normativa da respectiva comunidade autónoma e neste real decreto, coa finalidade de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento. A súa creación deberá ser notificada ao Ministerio de Educación a través da Dirección Xeral de Política Universitaria, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), regulado mediante Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro.

2. As escolas de doutoramento poderán ser creadas individualmente por unha universidade, ou conxuntamente con outras ou en colaboración dunha ou varias universidades con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

3. As escolas de doutoramento deberán garantir que desenvolven a súa propia estratexia ligada á estratexia de investigación da universidade ou universidades e, de ser o caso, dos organismos públicos de investigación e demais entidades e institucións implicadas. Tamén deben acreditar unha capacidade de xestión adecuada para os seus fins asegurada polas universidades e institucións promotoras.

4. As escolas planificarán a necesaria oferta de actividades inherentes á formación e desenvolvemento dos doutorandos, levadas a cabo ben por colaboradores das universidades e entidades promotoras ben co auxilio de profesionais externos, profesores ou investigadores visitantes. En todo caso, as escolas de doutoramento deberán garantir un liderado no seu ámbito e unha masa crítica suficiente de doutores profesores de terceiro ciclo e doutorandos no seu ámbito de coñecemento.

5. As escolas de doutoramento poderanse organizar centrando as súas actividades nun ou máis ámbitos especializados ou interdisciplinares. Así mesmo, de acordo co que establezan os estatutos da universidade e a normativa da comunidade autónoma correspondente, poderán incluír ensinanzas oficiais de máster de contido fundamentalmente científico, así como outras actividades abertas de formación en investigación.

6. As escolas de doutoramento contarán cun comité de dirección, que realizará as funcións relativas á súa organización e xestión e que estará formado por, polo menos, o director da escola, os coordinadores dos seus programas de doutoramento e representantes das entidades colaboradoras. O director da escola será nomeado polo reitor, ou por consenso dos reitores, cando se estableza por agregación de varias universidades. Debe

ser un investigador de recoñecido prestixio pertencente a unha das universidades ou institucións promotoras. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión de cando menos tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, anteriormente citado. No caso de que ese investigador ocupe unha posición en que non resulte de aplicación o citado criterio de avaliación, deberá acreditar méritos equiparables aos sinalados.

7. As escolas de doutoramento contarán cun regulamento de réxime interno que establecerá, entre outros aspectos, os dereitos e deberes dos doutorandos, de conformidade co establecido no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, e dos titores e dos directores de tese, así como a composición e funcións das comisións académicas dos seus programas.

8. Todas as persoas integrantes dunha escola de doutoramento deberán subscribir o seu compromiso co cumprimento do código de boas prácticas adoptado pola dita escola.

Artigo 10. *Verificación, seguimento e renovación da acreditación dos programas de doutoramento.*

1. Os programas de doutoramento conducentes á obtención do título oficial de doutor deberán ser verificados polo Consello de Universidades e autorizados polas correspondentes comunidades autónomas, de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coas particularidades a que se refire este real decreto.

2. Para os efectos da súa verificación, os programas de doutoramento axustaranse á memoria que figura como anexo I deste real decreto.

3. Os programas de doutoramento deberán someterse a un procedemento de avaliación cada seis anos para os efectos da renovación da acreditación a que se refire o artigo 24 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

4. Para garantir a calidade do doutoramento e o correcto desenvolvemento da formación doutoral, a universidade deberá xustificar a existencia de equipamentos investigadores solventes e experimentados no ámbito correspondente.

5. De acordo co establecido no anexo II, os criterios de avaliación para a verificación e acreditación dos programas de doutoramento terán en conta a porcentaxe de investigadores con experiencia acreditada, os proxectos competitivos en que participan, as publicacións recentes e o financiamento dispoñible para os doutorandos. Así mesmo, valorarase o grao de internacionalización dos doutoramentos, con especial atención á existencia de redes, a participación de profesores e estudantes internacionais, a mobilidade de profesores e estudantes e os resultados tales como cotutelas, mencións europeas e internacionais, publicacións conxuntas con investigadores estranxeiros, organización de seminarios internacionais, ou calquera outro criterio que se determine ao respecto.

Artigo 11. *Supervisión e seguimento do doutorando.*

1. Os doutorandos admitidos nun programa de doutoramento matricularanse anualmente na universidade correspondente, na súa escola de doutoramento ou na unidade responsable do programa polo concepto de tutela académica do doutoramento. Cando se trate de programas conxuntos, o convenio determinará a forma en que se deberá levar a cabo esa matrícula.

2. As persoas incorporadas a un programa de doutoramento someteranse ao réxime xurídico, de ser o caso contractual, que resulte da lexislación específica que lles sexa de aplicación.

3. Unha vez admitido ao programa de doutoramento, a cada doutorando seralle asignado por parte da correspondente Comisión Académica un titor, doutor con acreditada experiencia investigadora, ligado á unidade ou á escola que organiza o programa, a quen lle corresponderá velar pola interacción do doutorando coa Comisión Académica.

A Comisión Académica, oído o doutorando, poderá modificar o nomeamento do titor dun doutorando, en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

4. No prazo máximo de seis meses desde a súa matriculación, a Comisión Académica responsable do programa asignará a cada doutorando un director de tese de doutoramento que poderá ser coincidente ou non co titor a que se refire o número anterior. Esta asignación poderá recaer sobre calquera doutor español ou estranxeiro, con experiencia acreditada investigadora, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos.

A Comisión Académica, oído o doutorando, poderalle modificar o nomeamento de director de tese de doutoramento a un doutorando en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

5. Unha vez matriculado no programa, materializarase para cada doutorando o documento de actividades personalizado para os efectos do rexistro individualizado de control a que se refire o artigo 2.5 deste real decreto. Nel inscribíranse todas as actividades de interese para o desenvolvemento do doutorando segundo regule a universidade, a escola ou a propia Comisión Académica, e será regularmente revisado polo titor e o director de tese e avaliado pola Comisión Académica responsable do programa de doutoramento a que se refire o artigo 8.3.

6. Antes da finalización do primeiro ano, o doutorando elaborará un plan de investigación que incluírá polo menos a metodoloxía que se vai utilizar e os obxectivos que se van alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para logralo. Ese plan poderase mellorar e detallar ao longo da súa estancia no programa e debe estar avalado polo titor e o director.

7. Anualmente a Comisión Académica do programa avaliará o plan de investigación e o documento de actividades xunto cos informes que para tal efecto deberán emitir o titor e o director. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. En caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o doutorando deberá ser de novo avaliado no prazo de seis meses, para cuxo efecto elaborará un novo plan de investigación. No suposto de se producir nova avaliación negativa, o doutorando causará baixa definitiva no programa.

8. As universidades establecerán as funcións de supervisión dos doutorandos mediante un compromiso documental asinado pola universidade, o doutorando, o seu titor e o seu director na forma que se estableza. Este compromiso será rubricado coa maior brevidade posible despois da admisión e deberá incluír un procedemento de resolución de conflitos e recoller os aspectos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que se poidan xerar no ámbito de programas de doutoramento.

9. As universidades, a través da escola de doutoramento ou da correspondente unidade responsable do programa de doutoramento, establecerán os mecanismos de avaliación e seguimento indicados anteriormente, a realización da tese no tempo proxectado e os procedementos previstos en casos de conflito e aspectos que afecten o ámbito da propiedade intelectual de acordo co establecido no parágrafo anterior.

Artigo 12. *Dirección de tese.*

1. De acordo co establecido no artigo 11.4, a universidade asignaralle ao doutorando un director para a elaboración da tese de doutoramento, que será o máximo responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese de doutoramento e da guía na planificación e a súa adecuación, de ser o caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o doutorando. A tese poderá ser codirixida por outros doutores cando concorran razóns de índole académica, como pode ser o caso da interdiscipliniedade temática ou os programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional, logo de autorización da Comisión Académica. Esta autorización poderá ser revogada con posterioridade se a xuízo da Comisión Académica a codirección non beneficia o desenvolvemento da tese.

2. As universidades, a través da escola de doutoramento ou da correspondente unidade responsable do programa de doutoramento, poderán establecer requisitos adicionais para ser director de tese.

3. O labor de titorización do doutorando e dirección de tese deberá ser recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Artigo 13. *Tese de doutoramento.*

1. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación elaborado polo candidato en calquera campo do coñecemento. A tese debe capacitar o doutorando para o traballo autónomo no ámbito da I+D+i.

2. As universidades establecerán o procedemento para a presentación da tese de doutoramento e incluírán a determinación dun prazo máximo para a súa posterior lectura.

As universidades, a través da escola de doutoramento ou da correspondente unidade responsable do programa de doutoramento, establecerán procedementos de control co fin de garantir a calidade das teses de doutoramento, incidindo especialmente na calidade da formación do doutorando e na supervisión.

3. A universidade garantirá a publicidade da tese de doutoramento finalizada co fin de que durante o proceso de avaliación, e con carácter previo ao acto de defensa, outros doutores poidan remitir observacións sobre o seu contido.

4. A tese poderá ser desenvolvida e, de ser o caso, defendida, nos idiomas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento.

Artigo 14. *Avaliación e defensa da tese de doutoramento.*

1. O tribunal que avalíe a tese de doutoramento comporase de acordo cos requisitos fixados pola universidade e de acordo co establecido neste artigo.

2. A totalidade dos membros que integren o tribunal deberán estar en posesión do título de doutor e contar con experiencia investigadora acreditada. En todo caso, o tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á universidade e ás institucións colaboradoras na escola ou programa.

3. O tribunal que avalíe a tese disporá do documento de actividades do doutorando, a que se refire o artigo 2.5 deste real decreto, coas actividades formativas levadas a cabo polo doutorando. Este documento de seguimento non dará lugar a unha puntuación cuantitativa pero si constituirá un instrumento de avaliación cualitativa que complementará a avaliación da tese de doutoramento.

4. A tese de doutoramento avaliarase no acto de defensa que terá lugar en sesión pública e consistirá na exposición e defensa polo doutorando do traballo de investigación elaborado ante os membros do tribunal. Os doutores presentes no acto público poderán formular cuestións no momento e na forma que sinala o presidente do tribunal.

5. Unha vez aprobada a tese de doutoramento, a universidade ocuparase do seu arquivo en formato electrónico aberto nun repositorio institucional e remitirá, en formato electrónico, un exemplar seu así como toda a información complementaria que for necesaria ao Ministerio de Educación para os efectos oportunos.

6. En circunstancias excepcionais determinadas pola Comisión Académica do programa, como poden ser, entre outras, a participación de empresas no programa ou escola, a existencia de convenios de confidencialidade con empresas ou a posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido da tese, as universidades habilitarán procedementos para desenvolver os números 4 e 5 anteriores que aseguren a non publicidade destes aspectos.

7. O tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese en termos de «apto» ou «non apto».

O tribunal poderá propor que a tese obteña a mención de «cum laude» de se emitir en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade.

A universidade habilitará os mecanismos precisos para a materialización da concesión final da dita mención garantindo que o escrutinio dos votos para esa concesión se realice en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento.

Artigo 15. *Mención internacional no título de doutor.*

1. O título de doutor o doutora poderá incluír no seu anverso a mención «Doutor internacional», sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, durante o período de formación necesario para a obtención do título de doutor, o doutorando realizase unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. A estancia e as actividades deben ser avaladas polo director e autorizadas pola Comisión Académica, e incorporaranse ao documento de actividades do doutorando.

b) Que parte da tese de doutoramento, polo menos o resumo e as conclusións, sexa redactada e presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta de calquera das linguas oficiais en España. Esta norma non será de aplicación cando as estancias, informes e expertos procedan dun país de fala hispana.

c) Que sobre a tese emitisen informe un mínimo de dous expertos doutores pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.

d) Que polo menos un experto pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non española, co título de doutor e distinto do responsable da estancia mencionada na alínea a), formase parte do tribunal avaliador da tese.

2. A defensa da tese debe ser efectuada na propia universidade española en que o doutorando estiver inscrito ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos, en calquera das universidades participantes ou nos termos que identifiquen os convenios de colaboración.

Artigo 16. *Fomento da formación doutoral.*

1. O Ministerio de Educación poderá establecer unha convocatoria anual para outorgarlles un selo de doutoramento de excelencia a aqueles programas de doutoramento que destaquen polos seus resultados e polo seu alto nivel de internacionalización. Na dita convocatoria estableceranse os requisitos para a obtención do citado selo e os criterios de avaliación.

2. Así mesmo, o Ministerio de Educación poderá establecer unha convocatoria anual para lles outorgar unha mención de excelencia ás escolas de doutoramento que destaquen polo seu prestixio e especial proxección internacional. Na dita convocatoria estableceranse os requisitos para a obtención da citada mención e os criterios de avaliación.

3. O Goberno, no marco da lexislación vixente en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación, poderá realizar convocatorias periódicas de axudas para o fomento das escolas de doutoramento e da formación doutoral de calidade, dirixidas a programas de doutoramento, especialmente a aqueles que obtivesen o selo de excelencia e ás escolas de doutoramento que así mesmo obtivesen a mención de excelencia.

4. As administracións públicas poderán establecer mecanismos de fomento e financiamento da internacionalización dos doutoramentos e de apoio á mobilidade.

Disposición adicional primeira. *Verificación de programas de doutoramento conxuntos internacionais Erasmus Mundus.*

Os programas de doutoramento conxuntos creados mediante consorcios internacionais en que participen institucións de educación superior españolas e estranxeiras e que fosen avaliados e seleccionados pola Comisión Europea en convocatorias competitivas como programas de excelencia co selo Erasmus Mundus, entenderase que contan co informe favorable de verificación a que se refire o artigo 10 deste real decreto.

Para estes efectos, a universidade solicitante enviará ao Ministerio de Educación a proposta do plan de estudos aprobada pola Comisión Europea xunto co convenio correspondente do consorcio e a carta de notificación de ter obtido o selo Erasmus Mundus a que se refire o parágrafo anterior, así como un formulario adaptado que proporcione os datos necesarios para a inscrición do correspondente programa de doutoramento no RUCT.

O Ministerio de Educación enviará o expediente ao Consello de Universidades para os efectos de emitir a correspondente resolución de verificación de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Incorporación ás novas ensinanzas de doutoramento establecidas neste real decreto.*

1. Os doutorandos que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas de doutoramento reguladas neste real decreto, logo de admisión da universidade correspondente, de acordo co establecido neste real decreto e na normativa da propia universidade.

2. Poderán ser admitidos aos estudos de doutoramento regulados neste real decreto os licenciados, arquitectos ou enxeñeiros que estivesen en posesión do diploma de estudos avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.

Disposición adicional terceira. *Doutor honoris causa.*

De acordo co que estableza a súa normativa, as universidades poderán nomear doutor honoris causa aquelas persoas que, en atención aos seus excepcionais méritos académicos, científicos ou persoais, sexan acreedoras de tal distinción.

Disposición transitoria primeira. *Doutorandos conforme anteriores ordenacións.*

1. Aos doutorandos que na data de entrada en vigor deste real decreto iniciasen estudos de doutoramento conforme anteriores ordenacións seranlles de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento e da expedición do título de doutor polas que tivesen iniciado eses estudos. En todo caso, o réxime relativo ao tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento previsto por este real decreto será aplicable a eses estudantes a partir dun ano da súa entrada en vigor.

2. En todo caso, quen no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontre cursando estudos de doutoramento dispón de 5 anos para a presentación e defensa da tese de doutoramento. Transcorrido ese prazo sen que se producise esta, o doutorando causará baixa definitiva no programa.

Disposición transitoria segunda. *Programas de doutoramento verificados con anterioridade ou en tramitación.*

Os programas de doutoramento xa verificados conforme o establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, deberanse adaptar ao disposto no presente real decreto con anterioridade ao inicio do curso académico 2013-2014. En todo caso, tales programas deberán quedar completamente extinguidos con anterioridade ao 30 de setembro de 2017.

As universidades responsables dos programas de doutoramento que na data de entrada en vigor deste real decreto tivesen iniciado o procedemento de verificación e non obtivesen aínda a correspondente resolución, poderán optar entre continuar a tramitación xa iniciada ou acollerse ao disposto neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o capítulo V do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias.*

1. Modifícase o artigo 11 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Ensinanzas de doutoramento.*

1. Enténdese por doutoramento o terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais, conducente á adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade.

2. A superación das ensinanzas de doutoramento dará dereito á obtención do título de doutor ou doutora, coa denominación que figure no RUCT.

3. A denominación dos títulos de doutor será: doutor ou doutora pola Universidade U, sendo U a denominación da universidade que expide o título. Así mesmo, a expedición material do título incluírá información sobre o programa de doutoramento cursado, de acordo co establecido ao respecto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

4. Sen prexuízo da vixencia para estas ensinanzas do disposto nas disposicións adicionais, cuarta, quinta, sexta e disposición transitoria terceira deste real decreto, as ensinanzas de doutoramento rexeranse pola súa normativa específica.»

2. Queda sen contido o número 3.4 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais contida no anexo do citado real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.*

Modifícase o número 5 do artigo 11 do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. Así mesmo, no anverso do título de doutor ou doutora poderá figurar a mención «Doutor internacional», sempre que concorran as circunstancias establecidas para o efecto na súa normativa reguladora.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xaneiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ANEXO I

Memoria para a verificación dos programas de doutoramento a que se refire o artigo 10.2 deste real decreto

[1] Descrición do programa de doutoramento, que conterá os datos básicos: denominación, institucións participantes (sempre, polo menos, unha universidade coordinadora) e colaboradoras, se o programa se integra ou non nunha escola doutoral, a existencia de redes ou convenios internacionais, etc.

[2] Competencias.

Descrición das competencias que deberán adquirir os estudantes ao finalizaren o programa de doutoramento.

[3] Acceso e admisión de estudantes.

Vías e requisitos de acceso e admisión dos estudantes, así como os sistemas para facer accesible a dita información aos estudantes antes da súa matriculación.

Sistemas e procedementos de admisión adaptados a estudantes con necesidades educativas especiais derivadas da discapacidade.

Descrición dos complementos de formación específicos adaptados aos diversos perfís de ingreso, no caso de existiren.

No caso de o programa de doutoramento provir dun programa existente, número de estudantes admitidos nos últimos 5 anos identificando aqueles que proveñan doutros países. No caso de novos programas, facilitaranse a estimación de matrícula e a previsión de estudantes estranxeiros.

[4] Actividades formativas.

Detalle das actividades de formación transversal e específica do ámbito do programa. Planificación delas.

Procedementos de control.

Actuacións e criterios de mobilidade.

[5] Organización do programa.

5.1 Supervisión de teses.

Relación de actividades previstas para fomentar a dirección de teses de doutoramento e existencia dunha guía de boas prácticas para a su dirección.

Relación de actividades previstas que fomenten a supervisión múltiple en casos xustificadas académicamente (codirección de teses por parte dun director experimentado e un director novel, cotutela de teses interdisciplinares, en colaboración, internacional, etc.) e presenza de expertos internacionais nas comisións de seguimento, informes previos e nos tribunais de teses.

5.2 Seguimento do doutorando.

Descrición do procedemento utilizado pola correspondente Comisión Académica para a asignación do titor e director de tese do doutorando.

Descrición do procedemento para o control do documento de actividades de cada doutorando e a certificación dos seus datos.

Descrición do procedemento para a valoración anual do plan de investigación e o documento de actividades do doutorando.

Normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento.

Previsión das estancias dos doutorandos noutros centros de formación nacionais e internacionais, cotutelas e mencións europeas.

[6] Recursos humanos.

Descrición dos equipos de investigación e profesorado, detallando a internacionalización do programa.

Descrición dos mecanismos habilitados para colaboracións externas.

Liñas de investigación do programa, con indicación dos equipos investigadores asociados a elas.

Producción científica do persoal investigador nos últimos 5 anos e contribucións conxuntas con investigadores estranxeiros.

Experiencia do persoal investigador na dirección de teses de doutoramento.

Mecanismos de cómputo do labor de tutorización e dirección de teses como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

[7] Recursos materiais e apoio dispoñible para os doutorandos.

Descrición dos medios materiais e servizos dispoñibles (laboratorios e obradoiros, biblioteca, acceso a bases de datos, conectividade, etc.).

Previsión para a obtención de recursos externos que lles sirvan de apoio aos doutorandos na súa formación.

[8] Revisión, mellora e resultados do programa.

Órgano, unidade ou persoa responsable do sistema de garantía de calidade.

Descrición dos mecanismos e procedementos de seguimento que permitan analizar o desenvolvemento e os resultados do programa de doutoramento para a súa mellora.

Descrición dos procedementos que aseguren o correcto desenvolvemento dos programas de mobilidade e mecanismos para publicar información sobre o programa, o seu desenvolvemento e resultados.

No caso de programas en que participe máis dunha universidade, deberanse describir os mecanismos e procedementos que aseguren a coordinación entre as universidades participantes.

Descrición do procedemento para o seguimento de doutores egresados.

Datos relativos aos últimos 5 anos ou estimación prevista nos vindeiros 6 anos (no caso de programas de nova creación) sobre: teses producidas, taxa de éxito na realización de teses de doutoramento, calidade das teses e contribucións resultantes. Xustificación dos datos presentados.

ANEXO II

Criterios de avaliación para a verificación dos programas de doutoramento a que se refire o artigo 10.5 deste real decreto

[1] Descrición do programa de doutoramento.

Valorarase:

Que a denominación do programa de doutoramento sexa coherente coas liñas de investigación propostas nel.

A participación no programa doutras institucións participantes.

A imbricación do programa na estratexia de I+D+i da universidade ou, se é o caso, doutras institucións. Este aspecto quedará plasmado na súa inscrición no seo dunha escola doutoral, sexa propia da universidade que propón o programa de doutoramento, interuniversitario ou ben en colaboración con outros organismos e institucións.

A existencia de redes ou convenios internacionais.

[2] Competencias.

Valorarase:

Se as competencias que vai adquirir o doutorando son avaliáveis e garanten, como mínimo, as competencias básicas detalladas no artigo 5 deste real decreto ou ben son coherentes coas correspondentes ao nivel de doutoramento.

[3] Acceso e admisión de estudantes.

Valorarase:

A claridade e adecuación dos procedementos de admisión e selección dos estudantes.

Adaptación dos complementos de formación específicos aos diversos perfís de ingreso, no caso de existiren.

O número de estudantes (nacionais e estranxeiros) matriculados no programa de doutoramento nos últimos 5 anos ou valoración da estimación prevista.

[4] Actividades formativas.

Valorarase:

A organización da formación que se lles proporcione aos doutorandos, en particular sobre coñecementos disciplinares e metodolóxicos (seminarios, cursos, talleres, etc.), competencias transversais, experiencias formativas (xornadas de doutorandos, congresos nacionais ou internacionais, etc.) e a súa planificación ao longo do desenvolvemento do programa.

[5] Organización do programa.

Valorarase:

A adecuación das actividades previstas de fomento da dirección de teses de doutoramento ao desenvolvemento do programa.

A adecuación dos procedementos anteriormente descritos aos obxectivos do programa.

A presenza de expertos internacionais nas comisións de seguimento, informes previos e nos tribunais de teses.

Na fase de renovación da acreditación revisaranse as estimacións facilitadas neste criterio, atendendo ás xustificacións presentadas e ás accións derivadas do seu seguimento.

[6] Recursos humanos.

Valorarase:

Que unha porcentaxe mínima do 60% dos investigadores doutores participantes no programa teñan experiencia acreditada (excluídos os convidados e visitantes de curta duración).

Número de profesores estranxeiros que participan no programa.

Que os grupos de investigación incorporados ao programa de doutoramento contan con, polo menos, un proxecto competitivo nos temas das liñas de investigación do programa.

A calidade das contribucións científicas do persoal investigador que participa no programa nos últimos 5 anos/ter un tramo de investigación vivo/ter alcanzado o número máximo de tramos posible. Contribucións conxuntas con investigadores estranxeiros.

Que o persoal investigador participante no programa teña experiencia contrastada na dirección de teses de doutoramento nos últimos 5 anos.

A existencia na universidade de mecanismos claros de recoñecemento do labor de tutorización e dirección de teses.

[7] Recursos materiais e apoio dispoñible para os doutorandos.

Valorarase:

Se os recursos materiais e outros medios dispoñibles son adecuados para garantir o desenvolvemento da investigación que vai realizar o estudante.

Os recursos externos e as bolsas de viaxe dedicadas a axudas para asistencia a congresos e estancias no estranxeiro.

O financiamento de seminarios, xornadas e outras accións formativas nacionais e internacionais.

A porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas ou contratos posdoutorais.

[8] Revisión, mellora e resultados do programa.

Valorarase:

Que o programa de doutoramento dispoña dun órgano responsable así como que articule procedementos e mecanismos para supervisar o seu desenvolvemento, analizar os resultados e determinar as actuacións oportunas para a súa mellora. A opinión dos estudantes e a dos doutores egresados será de especial importancia á hora de definir e implantar accións de mellora.

Valorarase a existencia dun procedemento que analice os resultados do programa de mobilidade, mecanismos para publicar información sobre o programa, o seu desenvolvemento e resultado.

No caso dos programas en que participe máis dunha universidade, valorarase a existencia de mecanismos e procedementos que aseguren a coordinación entre as universidades participantes.

Os datos relativos aos últimos 5 anos ou a estimación prevista en función da súa xustificación e contexto. Na fase de renovación da acreditación revisaranse esas estimacións atendendo ás xustificacións achegadas e ás accións derivadas do seu seguimento.

A empregabilidade dos doutorandos durante os tres anos posteriores á lectura da súa tese ou a súa previsión, no caso de novos programas.